



## Concello de Boiro

---

*DILIXENCIA que estendo eu, secretario accidental do Concello de Boiro, para deixar constancia de que este prego de cláusulas administrativas foi aprobado por acordó de xunta de goberno en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2020.*

*Boiro, na data que consta na marxe deste documento.*

Severino Abalo Chouza  
Secretario accidental.

**Expediente 4726/2019.**

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE BOIRO POR PROCEDIMENTO ABERTO**

#### **CLÁUSULA 1.- OBXECTO DO CONTRATO E CUALIFICACIÓN**

Constitúe o obxecto do presente contrato de servizos a colaboración e asistencia técnica ao do Concello de Boiro no exercicio das funcións de comprobación e inspección dos tributos municipais.

Con carácter xeral, o presente contrato abrangue a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia técnica e xurídica se consideren necesarias, que comprenderán, entre outros, toma de datos, achega de documentación polos obrigados tributarios, emisión de informes técnicos e xurídicos, así como todas aquelas actuacións que puideran facilitar o cumprimento destes traballos e que en ningún caso poderán dar lugar á produción de actos administrativos ou que impliquen exercicio de autoridade.

O obxectivo a acadar é que o Concello de Boiro, a través da inspección e comprobación tributarias poida regularizar, se procede, a situación tributaria das persoas físicas ou xurídicas ou entidades suxeitas aos tributos municipais e dado que non dispón de medios humanos e materiais suficientes para desenvolver os traballos, precísase a contratación dos servizos regulados no presente prego.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

CÓDIGO CPV 75100000-7 Servizos de Administración pública

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 20



## Concello de Boiro

---

### CLÁUSULA 2.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

Este contrato adxudicarase por procedemento aberto, consonte ao disposto nos artigos 156 e ss da LCSP, segundo a modalidade neles descrita e conforme se establece nas cláusulas seguintes.

### CLÁUSULA 3.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento base de licitación aos efectos de licitación e aprobación de gasto ascende a 200.000 €, dos que 34.710,74€ corresponden o IVE e se distribúen nas seguintes anualidades:

1ª Anualidade: 50.000,00€, dos que 8.677,69 € corresponden o IVE.

2ª Anualidade: 50.000,00€, dos que 8.677,69 € corresponden o IVE.

No caso de prórroga

Prórroga ano 1: 50.000,00€, dos que 8.677,69 € corresponden o IVE.

Prórroga ano 2: 50.000,00€, dos que 8.677,69 € corresponden o IVE.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 165.289,26 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas do contrato contempladas no artigo 7 dos presentes pregos.

### CLÁUSULA 4.- PREZO DO CONTRATO

A retribución do presente contrato estará en función dos ingresos que se obteñan polas xestións e servizos realizados pola empresa adxudicataria.

O adxudicatario percibirá, como contraprestación, unha porcentaxe sobre os importes efectivamente recadados como consecuencia dos expedientes de inspección e comprobación e dos expedientes sancionadores.

Aos efectos de determinar os importes efectivamente recadados, entenderanse que estes son os ingresados en relación cos referidos expedientes na Tesourería Municipal a través das contas bancarias do Concello, e que se correspondan co principal e sancións resultado de cada expediente, con independencia de que dito ingreso se producira en período voluntario de pago ou en vía de constrinximento, ou incluso cando se producira unha vez finalizado o contrato. Quedarán á marxe de ditos importes as recargas correspondentes ao período executivo e o correspondente á recarga provincial no caso do Imposto sobre Actividades Económicas.

No suposto de que, unha vez abonada a débeda tributaria, a liquidación en cuestión fose obxecto de interposición dun recurso en vía administrativa ou xudicial, e

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 20



## Concello de Boiro

---

o mesmo, fora estimado, xa sexa total ou parcialmente, anulando ou reducindo o importe da liquidación, a entidade adxudicataria deberá proceder, na seguinte factura que emita conforme ao período de facturación establecido no artigo 18 dos presentes pregos, a reintegrar ao Concello o importe que corresponda.

O tipo máximo sobre os importes efectivamente recadados será o 19% máis o IVE.

### **CLÁUSULA 5.- EXISTENCIA DE CRÉDITO**

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9320 22706 do orzamento municipal vixente.

### **CLÁUSULA 6.- REVISIÓN DE PREZOS**

Non cabe a revisión de prezos.

### **CLÁUSULA 7.- DURACIÓN DO CONTRATO**

O prazo de execución do contrato será de dous anos e poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dous anos. Sendo o prazo total de duración do contrato incluídas as posibles prórrogas, 4 anos.

Cada unha das dúas prórrogas acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou previa solicitude da empresa adxudicataria, nos termos dispostos no artigo 29 LCSP.

### **CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR**

Poden presentar proposición, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 71 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica e financeira, así como técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 69 da LCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigos 67 e 68 da LCSP.

As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para unha debida execución das prestacións exixidas.

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEFPN94A9Z9QP.LD2CKMMF5 | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 20



## Concello de Boiro

---

### CLÁUSULA 9.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

1.- A capacidade de obrar dos empresarios e a non concorrencia de prohibicións de contratar, acreditaranse mediante a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

2.- A solvencia económica e financeira dos empresarios deberá acreditarse polos seguintes medios:

- a) Volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior a 150.000 euros.
- b) No momento de presentar a súa oferta, o empresario deberá ter subscrito un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 150.000 euros.

3.- A solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá acreditarse polos seguintes medios:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución, no curso dos tres últimos anos (2017, 2018 e 2019), na que se indique o importe, a data e o destinatario público ou privado dos mesmos. Na relación anterior será necesario acreditar que a empresa licitadora desenvolveu contratos por importe mínimo anual acumulado no ano de maior execución igual ou superior ao orzamento máximo de licitación por unha anualidade, e dicir, 41.322,31€ máis IVE, conforme ao disposto no art. 3 deste PCAP. A relación detallará o obxecto que comprendían ditos contratos.

A empresa licitadora deberá estar realizando ou ter realizado a asistencia técnica na inspección municipal e na xestión de expedientes sancionadores nos tres últimos anos (2017, 2018 e 2019), como mínimo en tres concellos ou organismos públicos cuxo ámbito de actuación abranga unha poboación superior a 20.000 habitantes, por considerarse que o nivel de xestión dos traballos a desenvolver é similar ao do Concello de Boiro.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

- b) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 20



## Concello de Boiro

---

directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato. O xefe de equipo, que asumirá as tarefas de interlocución coa persoa designada do Concello, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Titulación superior.
- Experiencia profesional mínima de 3 anos na prestación de servizos similares os que constitúen o obxecto do contrato.

### **CLÁUSULA 10.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

As proposicións deberán axustarse ao disposto nos pregos que rexen a licitación e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse dentro do prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

A presente licitación ten carácter electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica, a través da Plataforma de contratación do Estado.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da Plataforma.

A oferta electrónica, e calquera outro documento que a acompañe, deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de sinatura admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos arquivos ata a súa apertura, a Plataforma cifrará os arquivos no envío.

Unha vez realizada a presentación, a Plataforma proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 20



## Concello de Boiro

---

Cando sexa preciso solicitar información adicional ou complementaria, estarase ao disposto no artigo 138 LCSP.

### CLÁUSULA 11.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse mediante dous arquivos, co seguinte contido:

#### **ARQUIVO 1: DOCUMENTACIÓN**

- a) **Declaración responsable do licitador**, conforme ao modelo incluído no anexo 2 do presente prego.
- b) **Documentación técnica:**
  - Memoria:
    - Metodoloxía proposta.
    - Descrición dos medios técnicos e humanos que se destinarán á execución do contrato. Deberá sinalarse un xefe de equipo que cumpra os requisitos sinalados no artigo 9 do presente prego.
  - Outra documentación avaliable, segundo os criterios de avaliación establecidos no artigo 12 do presente prego.

#### **ARQUIVO 2: PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

- a) **Proposición económica**, conforme ao modelo incluído no anexo 1 do presente prego.

### CLÁUSULA 12.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- a) **Criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízo de valor. Máximo 25 puntos.**

Memoria: valorarase o proxecto técnico e a metodoloxía de traballo propostos na memoria, así como os medios técnicos e persoais adscritos á realización dos servizos obxecto do contrato.

A extensión máxima da memoria a presentar non superará as 20 páxinas a unha soa cara, numeradas, en formato DIN A4, escritas en letra tipo Calibri, de tamaño mínimo 11, a un espazo e con marxes superior, inferior, dereito e esquerdo de ao menos 2,5 cm cada un deles. O documento conterá un índice que non computará como páxina do documento.

- b) **Criterios avaliados automaticamente. Máximo 75 puntos.**

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 20



## Concello de Boiro

---

- **Mellora do prezo, ata un máximo de 50 puntos.** Obterase 10 puntos por cada punto porcentual de baixa sobre o tipo de licitación (19% IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

Prezo do 19% IVE excluído.....	0 puntos
Prezo do 18% IVE excluído.....	10 puntos
Prezo do 17% IVE excluído.....	20 puntos
Prezo do 16% IVE excluído.....	30 puntos
Prezo do 15% IVE excluído.....	40 puntos
Prezo do 14% ou inferior IVE excluído.....	50 puntos

coas correspondentes prorratas intermedias ata o límite inferior.

-Certificación emitida por entidade certificadora oficial acreditativa de dispoñer dun sistema de xestión de seguridade da información conforme á Norma UNE-ISO/IEC 27001:2014 , **15 puntos.**

-Certificación emitida por entidade certificadora oficial acreditativa de dispoñer dun sistema de xestión da calidade conforme coa Norma ISO 9001:2015, **10 puntos.**

### CLÁUSULA 13.- NORMAS DE ADXUDICACIÓN EN CASO DE EMPATE

Cando, téndose determinado a puntuación de cada licitante conforme aos criterios de valoración sinalados na cláusula anterior, se produza un empate entre dous ou máis ofertas, utilizaranse os criterios de desempate que dispón o artigo 147.2 LCSP.

### CLÁUSULA 14.- MESA DE CONTRATACIÓN

Ao abeiro do disposto no art 326 LCSP en relación coa DA II.7 do mesmo texto normativo, a Mesa de contratación estará constituída:

Presidente/a: o alcalde ou concelleiro en quen delegue

Vogais:

- Secretario/a
- Interventor/a
- Tesoureira
- Secretario/a: un/unha funcionario/a da Corporación.

A Mesa de Contratación poderá solicitar aos licitadores aclaracións sobre a oferta presentada ou a reparación de manifestos erros materiais na redacción da

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 20





## Concello de Boiro

---

mesma, sen que poida, en ningún caso, modificarse os termos da oferta.

No caso de requirir reparación de erros, ou aclaración de ofertas, concederáalles aos licitadores un mínimo de tres días hábiles, contados desde o seguinte á recepción da notificación, para contestar ao requirimento. No caso de non contestar no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A Mesa de Contratación poderá solicitar, no desenvolvemento da súa labor de avaliación de ofertas, cantos informes técnicos considere precisos, que se incorporarán ao expediente.

### **CLÁUSULA 15.- APERTURA DAS PROPOSICIÓNS**

A apertura das ofertas efectuarase pola Mesa de contratación en acto público. A apertura das proposicións realizarase unha vez rematado o prazo para a súa presentación. Unha vez abertas as ofertas e valoradas publicarase o resultado no perfil do contratante.

### **CLÁUSULA 16.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS**

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición incurso nalgún dos supostos do artigo 85 do RXLCAP, apartados 1, 2, 3 e 4.

O criterio obxectivo para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta será a adecuada xustificación dos prezos ofertados.

O procedemento é o descrito no artigo 149 da LCSP. O prazo de xustificación da oferta será de tres días hábiles.

### **CLÁUSULA 17.- GARANTÍA DEFINITIVA**

O licitador proposto como adxudicatario deberá acreditar a constitución dunha garantía, equivalente ao 5% do prezo final do contrato ofertado por aquel, IVE excluído, no prazo sinalado na cláusula 15 dos presentes pregos.

Esta garantía poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 108.1 LCSP.

A garantía responderá aos conceptos sinalados no artigo 110 LCSP, e transcorrido un ano dende a data de finalización do contrato sen que tiveran lugar a recepción formal e liquidación por causas non imputables ao contratista, procederase á súa devolución ou cancelación, unha vez depuradas as responsabilidades ás que se refire o devandito artigo 110 LCSP.

### **CLÁUSULA 18.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 20





## Concello de Boiro

---

A adxudicación realizarase nos termos dos artigos 150, 151 e 158 LCSP .

Unha vez finalizada a apertura das ofertas a Mesa de contratación formulará a proposta correspondente requeríndose ao licitador que presentara a mellor oferta, mediante notificación electrónica, para que no prazo de 10 días hábiles achege os documentos acreditativos de:

- ▣ Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e a representación (copia notarial do poder de representación, bastanteadado inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente; fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade).
- ▣ Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da LCSP.
- Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- ▣ Acreditación de estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente e a garantía definitiva.

No caso de tratarse de Unións temporais de empresas: Nos supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada unha das empresas integrantes da U.T.E. tamén deberá presentar a documentación a que se refieren los apartados anteriores desta cláusula, salvo no referido a garantía que deberá estar a nome da UTE.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión. A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa conta os gastos que elo supoña.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde no que teñan quedado clasificadas as ofertas.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 20



## Concello de Boiro

---

lugar contra a garantía definitiva, se esta estivera constituída.

### CLÁUSULA 19.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións e comunicacións que realice a Administración en relación ao procedemento de adxudicación de esta licitación se practicarán a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público.

En ambos casos, os licitadores deberán contar con sistemas de firma electrónica reconvida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de firma electrónica que lles permita recoller as notificacións en la Plataforma.

Todos os requirimentos, actos e acordos do órgano de contratación e a mesa de contratación notificaranse ao adxudicatario e resto de licitadores interesados exclusivamente de forma telemática, a través das súas direccións habilitadas únicas aberta nas seguintes plataformas, de conformidade co establecido no artigo 43 da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como a disposición adicional décimo quinta da lei 9/2007.

Durante o proceso de licitación ata a formalización do contrato, nla Plataforma de Contratación del Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>). O presentar oferta para participar neste procedemento os licitadores deberán autorizar expresamente o Concello de Boiro ao uso de comunicacións electrónicas, indicando unha dirección electrónica para a recepción de avisos.

Unha vez formalizado o contrato, na plataforma electrónica do Concello de Boiro.

Os licitadores están obrigados a darse de alta nas Plataformas indicadas.

Os licitadores comprométese a dispoñer dos medios técnicos precisos (hardware, certificados digitais, etc.) para acceder a ditas plataformas e parametrizalas axeitadamente para recibilas notificacións e comunicacións electrónicas emitidas polo Concello de Boiro, así como a manter vixente ditas direccións electrónicas habilitadas no curso deste procedemento de contratación hasta la liquidación deste contrato. Calquer cambio da dirección de correo electrónico asociada a dita dirección deberá ser comunicada ao concello por escrito a través da Sede Electrónica municipal (<https://Boiro.sedelectronica.gal>).

Os prazos previstos neste prego para a presentación de documentación por parte dos licitadores ou a realización de calquer acto por parte do contratista contarase a partir do día seguinte da posta en disposición dos requirimentos na Plataforma de Contratos do Sector Público.

### CLÁUSULA 20.- PAGAMENTO DO PREZO

O prezo do contrato aboarase ao contratista pola Tesouraría municipal previa

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 20



## Concello de Boiro

---

presentación en formato electrónico das facturas. A periodicidade será trimestral e facturárase a cantidade que corresponda polos expedientes tramitados, unha vez que conste na Tesouraría municipal o ingreso dos importes resultantes por principal e sancións.

As facturas deberán ir acompañadas de informe do Servizo de Xestión Tributaria que acredite o importe efectivamente recadado da débeda.

A contía a facturar polo contratista, unha vez aprobada, será a resultante da aplicación da porcentaxe ofertada polo adxudicatario sobre as cantidades recadadas, dentro dos límites establecidos nos pregos, sen que en ningún caso o total a aboar ao contratista por aplicación da porcentaxe, poida superar o límite do valor estimado do contrato.

No caso de que se produzan devolucións de ingresos, se se ten aboado ao contratista ese importe, deberá compensalo en facturas posteriores ou na liquidación do contrato, no seu caso.

### **CLÁUSULA 21.- OBRIGAS LABORAIS, SOCIAIS E DE TRANSPARENCIA**

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais. O persoal adscrito aos traballos dependerá exclusivamente do contratista, todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo, sen que poida repercutir contra a Administración ningunha multa, sanción ou calquera outro tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas puideran impoñerlle os Organismos competentes.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na citada norma, así como aquelas normas que se diten no ámbito municipal.

### **CLÁUSULA 22.- OBRIGAS ESENCIAIS QUE PODEN SER CAUSA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

Terán a consideración de obrigas esenciais de execución do contrato as seguintes:

- a) O cumprimento da proposta do adxudicatario en todo aquilo que fora obxecto de valoración de acordo cos criterios de adxudicación establecidos para o contrato.
- b) As obrigas establecidas no presente prego de cláusulas administrativas

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 20



## Concello de Boiro

---

particulares en relación coa adscrición de medios persoais e materiais á execución do contrato.

- c) O estricto cumprimento das medidas de seguridade e saúde previstas na normativa vixente.
- d) O pagamento dos salarios dos traballadores e o abono puntual das cotas da Seguridade Social.

### **CLÁUSULA 23.- CESIÓN, SUBCONTRATAÇÃO E SUCESIÓN**

Non se permite a cesión do contrato.

Non se permite a subcontratación, dada a especificidade dos traballos e o carácter fundamental na adxudicación da cualificación dos medios técnicos e humanos propostos polo adxudicatario, salvo no referido a defensa xurídica dos expedientes nos que participasen e que sexan obxecto de recurso xudicial, que poderá levarse con medios propios ou axenos a empresa adxudicataria.

Nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato vixente coa entidade resultante, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, se se producen as condicións esixidas no artigo 98 LCSP.

É obriga do contratista comunicar á Administración calquera cambio que afecte á súa personalidade xurídica, suspendéndose o cómputo dos prazos legalmente previstos para o aboamento das facturas correspondentes ata que se verifique o cumprimento das condicións da subrogación.

Se non puidera producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o mesmo, considerándose a todos os efectos coma un suposto de resolución por culpa do contratista.

### **CLÁUSULA 24.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.**

Para os efectos de cumprir co disposto no artigo 202 LCSP sobre condicións especiais de execución do contrato de carácter medioambiental ou social, fíxase para este contrato a seguinte:

O cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables á empresa adxudicataria, circunstancia que deberá acreditarse ante o concello en calquera momento a requirimento deste..

O incumprimento desta condición dará lugar á imposición de sancións de acordo co previsto na LCSP.

### **CLÁUSULA 25.- PENALIDADES**

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 20



## Concello de Boiro

---

Considéranse moi graves os incumprimentos por parte do adxudicatario de calquera das obrigas esenciais establecidas no artigo 20 deste prego. Estes incumprimentos serán causa de resolución do contrato, salvo que se considere que a actuación é illada e susceptible de recondución e que a resolución do contrato non convén para o interese do servizo en cuestión. Neste caso, substituirase pola penalización correspondente.

As penalidades por estes incumprimentos moi graves serán do 1% do prezo do prezo de adxudicación, IVE excluído, por cada infracción e/ou día de incumprimento de prazos en función da gravidade, reincidencia e mala fe na comisión da infracción.

O incumprimento por parte do adxudicatario de calquera outra das súas obrigas contractuais ou o seu cumprimento defectuoso, conlevará igualmente unha multa coercitiva de entre o 0,5% e o 1% do prezo do contrato, IVE excluído, en función do seu maior ou menor gravidade e da reincidencia.

As penalizacións que se impoñan ao adxudicatario son independentes da obriga do contratista de indemnizar polos danos e prexuízos que o seu incumprimento ocasione ao Concello ou a terceiros con dereito a repetir contra o Concello.

No caso de incumprimentos por parte do adxudicatario de aspectos da súa oferta, a indemnización que se lle esixirá incorporará a diferenza que no seu caso existira entre a súa oferta e a do seguinte contratista ao que se lle tivera adxudicado o contrato, sen ter en conta o criterio que non cumpriu o adxudicatario.

As penalidades imporanse por Acordo do Órgano de contratación a proposta do responsable do contrato e serán inmediatamente executivas nos termos previstos no artigo 194 da LCSP.

### **CLÁUSULA 26.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

A resolución do contrato terá lugar na forma e nos supostos que se sinalan neste prego e nos recollidos nos artigos 211, 212 e 313 LCSP, e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

### **CLÁUSULA 27.- RESPONSABLE DO CONTRATO**

Desígnase como responsable do contrato, coas funcións que se establecen no artigo 62 LCSP, a D. Marta Oviedo Creo, por ser a funcionaria nomeada como actuario para a tramitación dos expedientes de comprobación e inspección tributaria tramitados en relación cos tributos municipais do Concello de Boiro. (Decreto de Alcaldía 67-2018).

### **CLÁUSULA 28.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS**

A empresa adxudicataria, como encargada do tratamento de datos e o seu

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 20



## Concello de Boiro

---

persoal, en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, deben tratar os datos persoais aos que teñan acceso de forma que garantan unha seguridade adecuada, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas axeitadas, de conformidade co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento (UE) 2016/679, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Esta obriga é complementaria dos deberes de secreto profesional e subsistirá aínda que finalizara o contrato.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento Xeral de Protección de Datos, os licitadores quedan informados de que os datos de carácter persoal que, no seu caso, sexan recollidos a través da presentación da súa oferta e demais documentación necesaria para proceder á contratación, serán tratados por este Concello coa finalidade de garantir o adecuado mantemento, cumprimento e control do desenvolvemento do contrato.

### **CLÁUSULA 29.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, rexeranse polo establecido neste prego e, para o non previsto nel, serán de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, no que permaneza vixente. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de Dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de Dereito privado.

A Orde xurisdiccional Contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 27.1 LCSP.

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEFPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 20



## Concello de Boiro

---

### ANEXO 1

#### PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, coñecedor do expediente para a contratación do SERVIZO DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE BOIRO POR PROCEDIMENTO ABERTO, anunciado no perfil do contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato ofertando o seguinte prezo como retribución dos traballos a realizar, tendo en conta os conceptos e retribucións máximas establecidas no Prego de cláusulas administrativas particulares:

- \_\_\_\_\_% (IVE excluído) sobre os importes efectivamente recadados como consecuencia dos expedientes de inspección e dos expedientes sancionadores.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura electrónica

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 20





## Concello de Boiro

---

### ANEXO 2

Se rellenará esta plantilla y se guardará el archivo en formato pdf con el siguiente nombre:

“Anexo\_VI\_Declaracion\_Responsable\_Nombre\_Licitador.pdf” para su presentación en la Plataforma de contratación.

#### Modelo personas jurídicas

D.....con domicilio en ..... calle ....., núm. de teléfono..... con DNI núm. .... (o Pasaporte o documento que lo sustituya) núm. .... actuando en nombre propio (o en representación de) ..... con DNI o CIF núm. .... y con dirección en ..... núm. de teléfono ..... para tomar parte en la licitación del **contrato de servicios “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE BOIRO POR PROCEDIMENTO ABERTO ”**, hace constar:

1º) Que la persona jurídica a la que represento:

- a) Tiene plena capacidad jurídica y de obrar, cumpliendo todos los requisitos de constitución exigidos por la normativa vigente.
- b) El objeto social de la empresa comprende la actividad objeto de este contrato, de acuerdo con lo recogido en sus estatutos sociales, estatutos que se hallan correctamente inscritos en los Registros correspondientes.
- c) Cumple los requisitos de solvencia técnica y financiera exigidos en la cláusula 7 del pliego de prescripciones administrativas que rige el contrato.
- d) Se encuentra al corriente del cumplimiento de las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes.

2º) Que en el caso de ser propuesto para la adjudicación de este contrato, está en disposición de presentar la documentación exigida en la cláusula 9 y 18 del pliego de prescripciones administrativas para acreditar el cumplimiento de las circunstancias previstas en los párrafos anteriores y demás exigidas en el plazo establecido.

3º) Que ni el firmante de la declaración, ni la persona física/jurídica a la que represento, ni ninguno de sus administradores o representantes, se hallan incurso en circunstancia alguna de las que prohíben contratar con la Administración, conforme a lo dispuesto en el artículo 71 LCSP.

4º) Que a los efectos de recibir las notificaciones por medios electrónicos de los actos y acuerdos del órgano de contratación, de conformidad con lo dispuesto en la cláusula 19 del pliego de prescripciones administrativas, designa la siguiente dirección de correo electrónico:

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 20



## Concello de Boiro

5º) Que la empresa a la que represento (marcar una opción):

- .. Está debidamente inscrita en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público con el número ..... , y que los siguientes datos que a continuación se detallan, siguen vigentes al día de hoy:
  - .. Certificado de clasificación en el Grupo....., Subgrupo....., Categoría.....
  - .. Número de Identificación Fiscal de la Empresa/empresario individual: .....
  - .. Poder bastante y suficiente otorgado a favor de las siguientes personas para actuar en nombre y representación de la empresa en esta licitación (*añadir tantos nombres como sea necesario*):  
o D./Doña..... con DNI nº .....
  - .. Acreditación de constitución de la empresa e inscripción, en su caso, en el Registro Mercantil ....., con NIF.....
  - .. Acreditación de estar al corriente de las obligaciones tributarias,
    - o Con la Hacienda Estatal, hasta la fecha .....
    - o Con la Hacienda de la Comunidad Autónoma, hasta la fecha.....
  - .. Acreditación de estar al corriente de las obligaciones con la Seguridad Social, hasta la fecha .....
  - .. Ha solicitado la inscripción en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público en fecha .....

6º) Que acredita la solvencia por medios externos (marcar una opción):

- .. Si, existiendo el compromiso por parte de las empresas a que se refiere el artículo 75.2 LCSP y cláusula 7.7 de este pliego.
- .. No.

7º) Hace constar que en relación con los supuestos recogidos en el artículo 42 del Código de Comercio (empresas pertenecientes a un mismo grupo): (marcar una opción):

- .. No concurre a esta licitación con empresas vinculadas pertenecientes a un mismo grupo.
- .. Concurre a esta licitación con la/s siguiente/s empresa/s pertenecientes a un mismo grupo:

DENOMINACIÓN	NIF

8º) Que se compromete incondicionalmente a cumplir las medidas previstas en la cláusula 24

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 20



## Concello de Boiro

---

del pliego de cláusulas administrativas particulares, como medida medioambiental, social y laboral.

En ....., a ..... de ..... 20.....

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPúblico | Páxina 18 a 20



## Concello de Boiro

### Modelo personas físicas

D.....con domicilio en ..... calle ....., núm. de teléfono..... con DNI núm. .... (o Pasaporte o documento que lo sustituya) núm. .... actuando en nombre propio (o en representación de) ..... con DNI o CIF núm. .... y con dirección en ..... núm. de teléfono ..... para tomar parte en la licitación **contrato de contrato de servicios “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE BOIRO POR PROCEDIMENTO ABERTO ”**, hace constar:

- 1º) Que tiene plena capacidad jurídica y de obrar para la concertación de este contrato.
- 2º) Cumple los requisitos de solvencia técnica y financiera exigidos en la cláusula 7 del pliego de prescripciones administrativas que rige el contrato.
- 3º) Se encuentra al corriente del cumplimiento de las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes.
- 4º) Que en el caso de ser propuesto para la adjudicación de este contrato, está en disposición de presentar la documentación exigida en la cláusula 15.1 del pliego de prescripciones administrativas para acreditar el cumplimiento de las circunstancias previstas en los párrafos anteriores y demás exigidas en el plazo establecido.
- 5º) Que ni el firmante de la declaración, ni la persona física a la que represento, se hallan incurso en circunstancia alguna de las que prohíben contratar con la Administración, conforme a lo dispuesto en el artículo 71 LCSP.
- 4º) Que a los efectos de recibir las notificaciones por medios electrónicos de los actos y acuerdos del órgano de contratación, de conformidad con lo dispuesto en la cláusula 13 del pliego de prescripciones administrativas, designa la siguiente dirección de correo electrónico:

5º) Que como empresario (marcar una opción):

- .. Estoy debidamente inscrito en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público con el número ....., y que los siguientes datos que a continuación se detallan, siguen vigentes al día de hoy:
- .. Certificado de clasificación en el Grupo....., Subgrupo....., Categoría.....
- .. Número de Identificación Fiscal de la Empresa/empresario individual: .....
- .. Poder bastante y suficiente otorgado a favor de las siguientes personas para actuar en nombre y representación de la empresa en esta licitación (*añadir tantos nombres como sea necesario*): o D./Doña..... con DNI nº .....
- .. Acreditación de constitución de la empresa e inscripción, en su caso, en el Registro  
Mercantil ....., con NIF.....
- .. Acreditación de estar al corriente de las obligaciones tributarias,
  - o Con la Hacienda Estatal, hasta la fecha .....

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6GEFN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico | Páxina 19 a 20



## Concello de Boiro

---

o Con la Hacienda de la Comunidad Autónoma, hasta la fecha.....

- .. Acreditación de estar al corriente de las obligaciones con la Seguridad Social, hasta la fecha .....
- .. He solicitado la inscripción en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público en fecha .....

6º) Que integra la solvencia por medios externos (marcar una opción):

- .. Si, existiendo el compromiso por parte de las empresas a que se refiere el artículo 75.2 LCSP y cláusula 7.7 de este pliego.
- .. No.

7º) Hace constar que en relación con los supuestos recogidos en el artículo 42 del Código de Comercio (empresas pertenecientes a un mismo grupo), (márquese lo que proceda):

- .. No concurre a esta licitación con empresas vinculadas pertenecientes a un mismo grupo.
- .. Concurre a esta licitación con la/s siguiente/s empresa/s pertenecientes a un mismo grupo:

DENOMINACIÓN	NIF

8º) Que se compromete incondicionalmente a cumplir las medidas previstas en la cláusula 19 del pliego de cláusulas administrativas particulares, como medida medioambiental, social y laboral.

En ....., a ..... de ..... 20....

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4W6QEPN94A9Z9QP.LD2CKMMFS | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20